

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE MARZO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/35/2016.- MONTAJES DE CONGRESOS DEL NOROESTE, S. L.- Conceder licenza de obra nova de nave destinada a cafetería e almacén na rúa Estremadura, 10.

LIC/1427/2016.- ERMITAS NOYA CARBALLO.- Conceder licenza para reestruturación de forxado danado en vivenda unifamiliar sita na rúa de Muros nº 153.

LIC/1126/2012.- JUAN ANDRÉS JAMARDO MIGUÉNS.- Conceder licenza para modificación de vivenda unifamiliar no lugar Agra dos Campos 1A.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza de obra nova de nave destinada a cafetería e almacén na rúa Estremadura, 10. LAP/35/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para reestruturación de forxado danado en vivenda unifamiliar sita na rúa de Muros nº 153. LIC/1427/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para modificación de vivenda unifamiliar no lugar Agra dos Campos 1A. LIC/1126/2012. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización para o inicio dos trámites que concluirán coa cesión da titularidade da explotación en réxime de concesión do aparcamento subterráneo da praza de Vigo. Autorízase a solicitude de escisión da sociedade Garaje Cervantes 27 SL e da sociedade Aparcamientos Sar SL, coa finalidade de separar a xestión da explotación dos aparcamentos soterrados de Romero Donallo e da Praza de Vigo entre estas dúas empresas.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude dunha axuda para á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para acometer melloras no polígono industrial do Tambre. Acórdase solicitar unha axuda por importe de 119.928,96 euros, IVE incluído para a execución da actuación da modernización das instalacións do Polígono do Tambre.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta do proceso de renovación, traslados, baremo de traslados e prazas vacantes nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2017-2018. Dase conta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto actualizado básico e de execución de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" na rúa Galeras (fase I). Apróbase o proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio Casa das Máquinas, actualizando exclusivamente o orzamento mediante a eliminación das partidas xa contratadas e/ou executadas por cuestións de emerxencia. O orzamento de contrata, IVE engadido, ascende a un total de 252.056,73 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de

augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

40.- Proposta da Alcaldía relativa a subsanación de erro no acordo nº 56 da sesión do 27.1.17 relativo á devolución de fianza de "concesión administrativa do uso privativo e normal do dominio público do local nº 3 na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela". (Expte. CON/2/2016). Apróbase a proposta.

41.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: "subministro de prendas de confección a medida, prendas para o auga, calzado e complementos de uniformidade para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.- lote C: calzado". Apróbase a proposta.

42.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: "servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela" (expte. 92/2011). Apróbase a proposta.

43.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída no contrato de: "servizo de Radiocomunicacións Trunking de Voz de Datos para o Concello" (expte. 89/2005). Apróbase a proposta.

44.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural con competencias na rede de Centros Socioculturais, relativa á prórroga do contrato de aluguer do local comercial esquerda sito na planta baixa do bloque III da parroquia de Barciela para uso como Centro Sociocultural. Apróbase a prórroga do contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de abril de 2017 ata o 31 de marzo de 2018. O Concello e o arrendador pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 551,30 euros.

45.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á convalidación de solicitude de participación no programa LER CONTA MOITO 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Acórdase convalidar o expediente de solicitude da subvención e aprobar o gasto de 1.085 euros, que é o 25% restante do caché do programa, que lle corresponde abonar ao Concello.

46.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

49.- Aprobación da prórroga do expediente de ocupación da vía pública na Alameda para os postos das festas da Ascensión e do Apóstolo 2017. Apróbase a proposta.

50.- Solicitude dunha axuda do Fondo Social Europeo para a posta en marcha do Plan Xuvenil de Integración Profesional "Mocidade con Emprego" 2017-2020. Acórdase solicitar unha subvención por importe de 1.557.496,45 euros para o Plan Xuvenil de Integración Profesional "Mocidade con Emprego" 2017-2020, conforme á Convocatoria 2017 de Axudas do Fondo Social Europeo, dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil. A achega do Concello para ese proxecto sería de 137.461,05 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á licenza solicitada polo Arcebispado de Santiago para a rehabilitación de casa reitoral no lugar da Barciela. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da apertura dos prazos de reserva de praza do alumnado actual, preinscrición e matrícula de novo alumnado na Escola Municipal de Música, para o curso 2017-2018. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á renovación de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo. Acórdase renovar as concesións de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo aos titulares que así o solicitaron. Acórdase conceder autorización de uso, como titulares novos, ás persoas correspondentes da listaxe de agarda para cubrir a vacante dos titulares que non presentaron a solicitude de renovación.